



CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2019

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

HDI
AIG

DEPORTE
GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: 7SLALOM CONCELLO DE
MONTERROSO

CIRCUITO: MONTERROSO
PROVINCIA: LUGO
14 DE DECEMBRO DE 2019

ORGANIZACIÓN:

A ESCUDERIA MIXRALLYSPORTS organiza O 7 SLALOM CONCELLO DE MONTERROSO o día 14 de decembro de 2019, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2019, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 13 de novembro de 2019. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-044-SL**, con coeficiente 8.

VEHÍCULOS ADMITIDOS:

Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.150 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.151 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos do Grupo P.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estén homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de neumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS:

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G. de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2019 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRICIÓNS:

Toda persoa que desexe participar na proba 7 SLALOM CONCELLO DE MONTERROSO deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, á secretaría da Proba, sita en:

MIXRALLYSPORT
AVD CORUÑA 180/182 1ºB
C.P. 27003 Cidade LUGO Provincia LUGO
Teléfono: 663127131
e-Mail: MIXRALLYSPORTS@GMAIL.COM

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 11 de DECEMBRO de 2019.

IMPORTANTE: Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

Dereitos de inscrición:

90 €uros Acepta a publicidade facultativa: SI
180 €uros Acepta a publicidade facultativa: NON

Os dereitos de inscrición terán que ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria Nº ES15 2080 1219 4030 4000 4870 de ABANCA

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, dacordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO:

O circuítio de asfalto plan redial nacional, estará emprazado no recinto/rúas da Cidade/Vila de MONTERROSO.

PREMIOS:

Premios	
1º	320,00 €
2º	220,00 €
3º	120,00 €
4º	100,00 €
5º	90,00 €
6º	80,00 €
TOTAL:	930,00 €

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os 3 primeiros de cada agrupación.

DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO
	10:00	APERTURA DE INSCRICIÓNS
11/12/2019	20:00	PECHE DE INSCRICIÓNS
12/12/2019	19:00	PUBLICACION LISTA DE INSCRITOS
14/12/2019	09:30	VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS E TECNICAS
	10:00	PRESENTACIÓN PILOTOS PARQUE PECHADO
	10:30	PUBLICACIÓNS LISTA AUTORIZADOS A TOMA-LA SAÍDA
	11:00	SAIDA 1º PARTICIPANTE ADESTRAMENTOS 1
	A continuación	SAIDA 1º PARTICIPANTE ADESTRAMENTOS 2
	A continuación	PARQUE DE TRABALLO (30 MINUTOS)
	15:30	SAIDA 1ª. MANGA OFICIAL
	A continuación	PARQUE DE TRABALLO (30 MINUTOS)
	A continuación	SAIDA 2ª. MANGA OFICIAL
	A continuación	PUBLICACIÓN DE RESULTADOS
	A continuación	ROLDA DE PRENSA DOS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS
	A continuación	ENTREGA DE PREMIOS

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

OFICIAIS DA PROBA:**Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D.IGNACIO DAVILA ESTEVEZ

DC1ª-2065-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D.MAITE VILANOVA LOPEZ
D.JOSE LUIS VILANOVA LOPEZ
D.BRUNO T. RIVERA PAZOS

DC1ª-1804-GA.
DC-1803-GA.
DC-1313-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. ALFONSO GARCIA EIRIZ

OBS-0554-GA.

Director da Carreira:

D.IGNACIO DAVILA ESTEVEZ

DC1ª-2065-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. BORJA VILANOVA RIO JOC1ª-1802-GA.

Xefe Seguridade Vial:

D.JOSE LUIS VILANOVA PEREZ DC1ª-2505-GA.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D.BORJA VILANOVA RIO JOB-1802-GA.

Servicios Médicos:Médico: ROSA Mª PRIETO GRANJA Colegiado Nº: 4316
D.U.E.: MARIA J. FORJAN RGUEZ Colegiado Nº: 9260**Servicio de ambulancias: AMBULANCIAS NORDES**

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, alomenos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á sua vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

Don IGNACIO DAVILA ESTEVEZ, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-2065-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 36126937D
Licencia DC1ª-2065-GA
Fdo:Entidade: MIXRALLYSPORTS
C.I.F.: G27826403Presidente D.IGNACIO DAVILA ESTEVEZ
Licencia DC1ª-2065-GAFdo: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 33801509L
Licencia DC1ª-2505-GA

Selo do Clube.




* ADXÚNTASE CROQUIS/PLANO (CON MEDIDAS E DISTANCIAS EN METROS ENTRE CONOS E PORTAS) EN ANEXO I, ASINADO POLO DIRECTOR DA PROBA, PRESIDENTE DA ESCUDERIA, XEFE DE SEGURIDADE VIAL, E SELO DA ENTIDADE (ORIXINAIS)



ADVERTENCIA: O croquis terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha “mini proba de velocidade” con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2019; con posterior traslado de denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntue nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2019, a tódolos efectos; con posibilidade de **esixir danos colaterais** dos pilotos ós organizadores e responsabilidade a que houbere lugar.

TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS:



Asno: Director da proba
D.N.I. 36126937D

Presidente da Escudería
D.N.I. 36126937D

Vº.Bº. Xefe de Seguridade Vial
D.N.I. 33801509L

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2019 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa "**Licencia Autonómica Única**", expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo, e coa expedida poa F.P.A.K.

2.- A vista de que varias federacións infrinxen a obrigatoriedade de ser titular (piloto) dun **permiso de condución** como modo de verificar que o conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da **Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial**. Por todo elo a Federación Galega de Automobilismo **prohibe a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución**, expedido pola D.G.T. ou similar doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2019, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2019, inclusive, serán considerados "**OPEN**", agás a PXP 19 Junior.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA. Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícase o acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de Automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do 12 de Outubro de 2015.

2-Ratifícase o acordo de Asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., o día 12/10/15, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas. **Non serán admitidas a participar, nos Campionatos de Galicia 2019, as "Licencias Autonómicas Exclusivas" expedidas polas Federacións Autonómicas, que se contraponen ó acordo Asembleario da RFEDA, de 12/10/15, que teñen e fan de competencia desleal coas "Licencias Autonómicas Únicas". (Únicas legais para participar en probas en Galicia).**

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2019, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenza federativa expedida **por calquera Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4-O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do prezo de licencias **establécese en 190 euros** a abonar a F.G. de A. antes da proba.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2019, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español, así como a RFEDA.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nen admitidas**, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, **nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia**, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación Deportiva Galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo". As licenzas que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	14 de decembro de 2019	10:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS,
2ª	14 de decembro de 2019	12:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS,
3ª	14 de decembro de 2019	18:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS,